

COTIZACIÓNS SUBASTA DE GANDO DO DÍA 15/07/2008



**LOIUXA
AGRICULTURA
DE GALICIA**

Feira Internacional de Galicia

Silleda - Pontevedra

Tífono 986-580050 / Fax 986-580162

BECERROS RECRÍA		TOTAL TRANSACCIÓNS	147.623
TOTAL ASISTENCIA	870		
TOTAL ADXUDICADOS	793		

RAZA FRISÓN	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	64	62
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	83	97
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	95	124

RAZA CRUCES INDUSTRIAL	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	246	182
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	280	199
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	324	269

RAZA RUBIA GALEGA	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	*	*
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	357	248
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	410	326

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

VACUNO MAIOR		TOTAL TRANSACCIÓNS	214.816
TOTAL ASISTENCIA	367		
TOTAL ADXUDICADOS	316		

CATEGORÍA	PRECIO SEMANAL
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	1.880
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	964
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	516
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	260

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

BECERROS CARNICEIROS		TOTAL TRANSACCIÓNS	60.168
TOTAL ASISTENCIA	97		
TOTAL ADXUDICADOS	78		

PRECIOS KG/ VIVO	MACHOS	FEMIAS
RAZA FRISÓN	1,80	*
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	2,20	2,71
RAZA RUBIA GALEGA	2,31	2,32

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

PORCINO CEBADO

EURO./KG. VIVO S/G	EUROS	
	KG.	DIF.
CARNICEIRO	1,560	+0,01
SELECTO	1,315	+0,01
NORMAL	1,290	+0,01
CASTRADO	1,500	+0,095
CANAL II	1,675	+0,013
DESVELLE	0,74/0,80	+0,02

Punto de inflexión: A lixeira suba das cotizacións na sesión de hoxe, indica moito máis ca cantía do céntimo coa que rematou a sesión. Tras catro semanas anómalas de estabilidade nas cotizacións (cando estas deberían marcar as máximas subas anuais), a sesión de hoxe marca un agardado cambio na tendencia do cebo: En primeiro lugar, os efectos do paro do transporte e da folga de veterinarios, quedan definitivamente atrás deixando unha oferta posta ao día e uns Mercados Europeos sorprendentemente positivos, o que marcará de seguro as cotizacións á alza nas vindeiras semanas.

Situación do mercado: Falaremos dos "4P" (Pesos, Prezos Europeos, Pensos e Petróleo). **Pesos:** comezan a baixar aos niveis habituais (as altas temperaturas, implica lento crecemento e escasa oferta); **Prezos Europeos:** destácase unhas anómalas subas das cotizacións no norte de Europa, nunha época do ano na que tenden reducirse (+ 0,06 € en Holanda e +0,07 € en Alemaña); e aínda que o consumo interior na vella Europa non tira, si o fai o Leste; o terceiro e cuarto P (negativos), é o que se refire aos insumos; aos concentrados que manteñen unha senda expansiva agardándose máximos en agosto, para logo dar un respiro, e os carburantes que encarece o transporte e dificulta a tan necesaria exportación.

BACORIÑOS

BASE 20 KGS.	EUROS		
	KG.	UNIDADE	DIF
SELECTO	1,35	27,00	0,00
NORMAL	1,30	26,00	0,00

Segunda estabilidade nas cotizacións dos bacoriños: Tras seis semanas sen cotizaren, os bacoriños voltaron a acadar cotización en táboa despois de que na sesión do 27 de maio, os axentes participantes na Lonxa Agropecuaria de Galicia decidiran deixalo sen cotización ao situarse este por baixo do limiar dos 25 €

Situación de mercado: O maior movemento rexistrado neste mercado ao longo das dúas últimas semanas, non é aínda suficiente para que desapareza a ameaza do S/C; compre ter en conta algunhas variábeis que limitan o mercado; **1º** As cotizacións son moi inferiores aos custos de produción; **2º** O agardado incremento nas cotizacións do cebo aínda non se produciu, e as expectativas a catro meses non son de todo claras; **3º** A oferta de momento é abundosa; **4º** Os mercados Europeos de referencia (como Holanda que é o principal exportador) non consegue colocar todos os leitóns que pode ofertar, necesitando de todos os mercados para exportar e presionando polo tanto a oferta sobre unha demanda de momento escasa.

Por iso seguimos mantendo a ameaza do S/C nas táboas.

OVOS

CLASE	EUROS			
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.
XL	1,52	0,00	1,52	0,00
L	1,20	0,00	1,20	0,00
M	1,08	0,00	1,08	0,00
S	0,85	0,00	0,85	0,00

Firmeza no mercado do ovo: O mercado do ovo mantense estabilizado por terceira semana consecutiva despois da reactivación que se veu dando ao longo do mes de xuño. A situación de sobranse comentada ao longo da primeira parte do ano queda definitivamente atrás, e as baixas nas cotizacións producidas nos primeiros meses deste ano, parece que reactivaron a demanda.

O mercado amosa fortaleza de cara ao último trimestre do ano que é cando se acadan estacionalmente as máximas anuais do ovo.

GALIÑAS DE DESVELLE

	EUROS	
	KG.	DIF
SEMIPEADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,25/0,37	0,00

Undécima semana con estabilidade nas cotizacións das galiñas: O mercado das galiñas mantense firme e como proba a estabilidade nas cotizacións repítese dende a última semana de abril. O mercado segue equilibrado, caracterizado por unha baixa oferta estrutural (ao baixar o censo das galiñas nos últimos anos). Nada apunta a que se rache esta estabilidade no curto prazo.

As cotizacións son un 68% superiores ás de hai un ano.

COELLO

	EUROS	
	KG.	DIF
GRANXA EN VIVO		
NOVO	1,34	-0,20

Situación extrema: A forte baixa producida na sesión de hoxe marca ás claras a crise que está a vivir o sector cunícola e que se prolonga ao longo do último ano e medio. A produción, cunhas cotizacións moi inferiores aos custos de produción atópase sen marxe de manobra. Os matadoiros, pola súa parte, atópanse cun consumo que non tira manifestando que existe excesivo coello para o que se consume; ademais, a demarraxe das cotizacións en Portugal afonda aínda máis na dualidade Levante - Resto da Península, comentada nas semanas pasadas.